



UNIVERSIDADE
DE VIGO

LISTA DE ASISTENTES

Barreiro Blas, Antonio
Fernández Fernández, Federico A.
Gil Villanueva, José M^º
González Pillado, Esther M^ª
Montero Muñoz, María

DESCULPA ASISTENCIA
González Crespán, Araceli

Acta da sesión ordinaria da Comisión Electoral, que tivo lugar o día 8 de abril de dous mil oito ás 13:00 horas en primeira convocatoria e ás 13:30 horas en segunda.

O martes, día **8 de abril de 2008**, ás 13:30 horas, na Sala de Xuntas de Xerencia, deu comezo a xuntanza ordinaria da Comisión Electoral co obxecto de tratar os seguintes puntos da orde do día:

1. Aprobación, se procede, da acta da sesión ordinaria do 7 de marzo de 2008.
2. Aprobación, se procede, de censos definitivos de alumnos de Claustro e de ser o caso de Consellos de Departamento.
3. Sorteio da letra para a orde das papeletas dos candidatos ao Claustro e aos Consellos de Departamento.
4. Aprobación, se procede; do número de representantes no Claustro por circunscrición.
5. Rogos e preguntas.

Punto 1. Aprobación, se procede, da acta da sesión ordinaria do 7 de marzo de 2008.

Apróbase por asentimento.

Punto 2. Aprobación, se procede, de censos definitivos de alumnos de Claustro e de ser o caso de Consellos de Departamento.

Cédese a palabra á secretaria xeral quen sinala que, de acordo co artigo 5 do Procedemento para a elección de membros do Claustro Universitario da Universidade de Vigo, correspóndelle á Comisión Electoral resolver as reclamacións aos censos.

Neste sentido, xunto coa convocatoria tense remitido todas as reclamacións presentadas e a proposta de resolución coa inclusión do reclamante nun censo e a exclusión doutro, una vez comprobada a veracidade da súa petición. Basicamente son cambios de centro ou de departamento de alumnos de terceiro ciclo e unha que supón que a un alumno se lle da de baixa no censo de primeiro e segundo ciclo e queda só no de terceiro ciclo.

Apróbanse por asentimento as modificacións que constan no **anexo I**

No que respecta ás reclamacións aos censos de departamentos, o artigo 12 do Procedemento para a elección de representantes dos estudantes nos Consellos de Departamento, establece que a competencia a asume cada centro, salvo aquelas que de acordo coa súa natureza escapen da súa competencia, que entón asumiraas a Comisión Electoral.

A este respecto debe terse en conta que os alumnos cando presentan reclamación a un censo fano tanto para departamentos como para Claustro, as de Claustro acabámolas de resolver e as de departamentos corresponden aos centros, pero no momento en que o centro acepte a reclamación pode afectar a outro centro que o descoñece (o alumno só presenta a reclamación no censo onde considera que debería estar), o que podería dar lugar a que unha mesma persoa estivese en varios censos. Por ese motivo, tratase de que a Comisión, de oficio, proceda a realizar determinadas modificacións nos censos, dando de baixa aos alumnos nos censos onde figuraban inicialmente.

Apróbanse por asentimento as modificacións que constan no **anexo II**.

Punto 3. Sorteio da letra para a orde das papeletas dos candidatos ao Claustro e aos Consellos de Departamento.

Cédese a palabra á secretaria xeral quen sinala que, de acordo co artigo 28 do Procedemento para a elección de membros do Claustro, os nomes dos candidatos figurarán na papeleta por orden alfabética, previo sorteio por parte da Comisión Electoral da letra pola que debe comezar a relación. O mesmo establece o artigo 22.2 do procedemento para elección de representantes de estudantes nos Consello de Departamento.

Realizado o sorteio da letra, as papeletas se iniciarán polo candidato que teña o nome que se inicie coa letra K.

Punto 4. Aprobación, se procede; do número de representantes no Claustro por circunscrición.

Cédese a palabra á secretaria xeral quen sinala que, de acordo cos artigos 8 e 9 do Procedemento para a elección de membros do Claustro Universitario, a comisión electoral distribuirá os membros que deban ser elixidos entre os diferentes centros de forma proporcional ao número de membros do sector correspondente, garantindo un mínimo por centro.

De acordo con este artigo, tense en conta que o número de representantes de alumnos no Claustro e de 75 e despois pártese do número de alumnos de cada centro para facer o reparto.

Debátese sobre o tema entre o Sr. Federico Fernández, a secretaria xeral e a presidenta da Comisión Electoral.

Apróbase por asentimento (**anexo III**).

Punto 5. Rogos e preguntas.

E non habendo máis asuntos que tratar, remata a sesión ás 13:45 horas do día 8 de abril de 2008 da que eu como secretaria xeral dou fe, co visto e prace da presidenta da Comisión Electoral.

A presidenta da Comisión Electoral



María Montero Muñoz

A secretaria da Comisión Electoral



~~Esther M^a González Pillado~~